

ANTROPOLOXÍA(S) EN GALIZA NA ACTUALIDADE

CURRENT ANTHROPOLOGY(S) IN GALIZA

Cristina Sánchez-Carretero
Consello Superior de Investigacións Científicas

Resumo: O obxectivo deste artigo é facer unha cartografía da institucionalización da antropoloxía na Galiza actual en diferentes ámbitos, entre outros, universidades, organismos públicos de investigación, museos e empresas. Este percorrido presentarase a través do eixe da estabilidade-precariedade da antropoloxía, analizando os efectos desta tensión. Para poder facer a cartografía o artigo artéllase en tres partes. Primeiro preséntase a modo de contexto histórico unha selección de fitos que marcan o desenvolvemento da antropoloxía en Galiza. Segundo, preséntanse os ámbitos, institucións e escalas da(s) antropoloxía(s) na actualidade; e, por último, explícanse os proxectos asociativos de tipo profesional da antropoloxía través da Asociación Galega de Antropoloxía (Agantro) e a participación desta a nivel estatal cos cambios nos últimos anos producidos na Asociación de Antropoloxía do Estado Español (ASAE).

Abstract: The purpose of this article is to make a cartography of the institutionalization of anthropology in present day Galicia in different areas, among others, university, public research bodies, museums and companies. This mapping process will be presented through the axis of stability-precariousness of anthropology, while analysing the effects of this tension. To be able to do it, the article is structured in three parts. First, a selection of milestones that mark the development of anthropology in Galicia are presented as a way to introduce a brief historical context. Second, the article introduces current fields, institutions, and scales in which anthropology is practiced today. Finally, the article introduces the professional associative projects of anthropology in Galicia through the Galician Association of Anthropology (Agantro) and its participation at state level within the Spanish Association of Anthropology (ASAE).

Palabras chave: antropoloxía, Galiza, cartografía, estabilidade, Agantro, ASAAE.

Key words: anthropology, Galicia, cartography, stability, Agantro, ASAAE.

INTRODUCCIÓN

Grazas a que o Museo do Pobo Galego, o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega e a Fundación Antonio Fraguas decidiran facer un simposio como homenaxe a Antonio Fraguas, tiven a oportunidade de participar na mesa redonda “Etnografía e Antropoloxía no contexto galego do século XXI. Situación e perspectivas de futuro”, coordinado por Luzia Oca. Recibín un encargo complicado, facer unha cartografía da institucionalización da antropoloxía en Galiza na actualidade. Neste artigo vou describir a situación da disciplina nun momento concreto, finais da segunda década do século XXI. Centrareime, entre outros, en ámbitos da universidade, organismos de investigación, museos e empresas na Galiza actual.

Antes de describir a situación actual, exporei un breve percorrido polos principais fitos da historia da disciplina, a modo de contexto. Non obstante, o propósito deste artigo non é facer unha detallada revisión histórica da antropoloxía en Galiza. Para iso temos traballos específicos deste tema, como por exemplo o recente traballo de Xerardo Pereiro (2018), a revisión do papel da antropoloxía galega incluída na investigación feita por Nieves Herrero sobre o ensino de antropoloxía en secundaria (Herrero 2015) e moitos outros traballos desta materia publicados desde a década de 1990 (Rodríguez 1991, 2007; Fernández 1992; González 1997; Pereiro 2001; Medeiros 2006; Cardesín 2009; Alonso /Roseman 2012).

1. BREVE PERCORRIDO POLO DESENVOLVEMENTO DA ANTROPOLOXÍA EN GALIZA

Poderíase facer unha descrición deste percurso atendendo a diversos factores: desde os marcos globais da xeopolítica da evolución das disciplinas, desde as persoas (como Antonio Fraguas, xa que formou parte da Sección de Etnografía do Seminario de Estudos Galegos, foi presidente da mesma sección no Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento e director do Museo do Pobo Galego, entre outros cargos), desde as dinámicas sociais (papel das mulleres no desenvolvemento da antropoloxía, desde unha lectura de clases sociais, das loitas identitarias...). Simplemente vou ofrecer algúns fitos –de xeito case telegráfico– que marcan a liña do tempo da antropoloxía para poder centrarnos na actualidade.

1.1. SÉCULO XIX: PROTOANTROPOLOXÍA

Concordo con Xerardo Pereiro en que un fito institucional importante para a antropoloxía foi a creación en 1884 da Sociedade El Folk-lore Galego, na Coruña, presidida por Emilia Pardo Bazán, seguindo o modelo das sociedades de folclore que comezaron coa británica Folklore Society, fundada en 1878 por William Thoms (promovida por Eliza Gutch). O modelo implantouse en Andalucía coa creación da sociedade El folk-lore Andaluz en 1881, fundada por Antonio Machado y Álvarez. Esta secuencia foi a base fundacional da antropoloxía na maioría dos países europeos e americanos e está tamén na orixe da antropoloxía no resto de España (Prat 1991; Herrero 2015: 21).

1.2. FITOS DESDE 1900 A 1975

Algúns dos principais fitos neste período relativos ao desenvolvemento da antropoloxía como disciplina son:

- Creación da Real Academia Galega na Coruña (1906).
- Creación do Seminario de Estudos Galegos (1923), coa Sección de Etnografía presidida por Vicente Risco e a súa revista asociada, *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* (1927-1934), que inclúe artigos que xa van recollendo metodoloxías de traballo de campo, e onde os obxectos de investigación se van ampliando (relacións campo-cidade, relacións de xénero). Foi un período moi produtivo desenvolvido na mesma liña que o resto das tradicións antropolóxicas do contorno: moita influencia da visión de Herder de que o campesiñado era “a alma do pobo”, visións evolucionistas da cultura e das teorías das supervivencias (en relación coa etnolingüística alemá e dos países nórdicos), centradas no estudo das bases “culturais” das nacións (Pereiro 2018: 59).
- A Guerra Civil marca profundamente o desenvolvemento de todas as disciplinas de pensamento crítico, como no resto do Estado.
- Creación do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (IEGPS) do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), en 1944, coa Sección de Etnografía presidida por Vicente Risco, primeiro, e por Antonio Fraguas, despois.

Fago un inciso aquí porque penso que o tema da memoria democrática, vencellada aos materiais que forman parte do legado do Seminario de Estudos Galegos, precisa dun traballo entre institucións desde o punto de vista dos patrimonios incómodos e do conflito. É importante reflectir que facer e cal debe ser a institución que custodie, conserve e poña á disposición da cidadanía este legado. É

un tema que poño encima da mesa a título persoal e que necesita un profundo debate: é o CSIC a institución que os debe acoller na actualidade? Deberían estar nunha institución pública galega? No marco conceptual dos patrimonios disonantes ou incómodos é desde onde penso que é importante tratar o tema de que facer co patrimonio vencellado ao Seminario de Estudos Galegos depositado, en parte, no IEGPS. Formando parte deste legado, na biblioteca do IEGPS existen 27 caixas de materiais do SEG que inclúen, entre outras cousas, correspondencia e actas. Do mesmo xeito, pero sen estar vencellado ao SEG, tamén se custodian alí oito caixas cos materiais do “Pre-estatuto de Autonomía de Galicia” (1932-1936). Este é un debate importante, que precisa de diálogo e propostas concretas, aínda que sexa para decidir que permanezan no mesmo sitio.

1.3. FITOS DESDE 1975 ATA O FIN DO SÉCULO XX

Coa chegada da democracia asistimos a importantes fitos relativos á historia da antropoloxía:

- Creación do Museo do Pobo Galego en 1976.
- Creación do Consello da Cultura Galega en 1983, coa sección de Antropoloxía Cultural presidida por Xosé Manuel González Reboredo.
- Creación da Sección de Etnografía na Consellería de Cultura da Xunta.

A partir da década de 1970, publícanse moitos traballos de antropoloxía sobre Galiza, como os de Carmelo Lisón Tolosana, Javier San Martín, Marcial Gondar, José Antonio Fernández de Rota, Xaquín Rodríguez Campos, Raúl Iturra, Brian O’Neill, Xosé Ramón Mariño Ferro, Xosé Manuel González Reboredo, Fidalgo Santamarina, Manuel Mandianes ou Xosé Carlos Sierra Rodríguez (Pereiro 2018: 59).

Na década de 1990, tres fitos importes para o desenvolvemento da Antropoloxía galega son:

- A creación do doutoramento en Antropoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (1990-95).
- A creación, en 1993, da Asociación Galega de Antropoloxía (hoxe Agantro), que organizou dous congresos estatais: en 1997 o Congreso Ibérico de Estudantes de Antropoloxía, e no ano 1999 o congreso da Federación de Asociacións do Estado Español (FAAEE, actualmente a ASAEE).
- O premio de antropoloxía Vicente Risco, iniciado en 1994 pola editorial Sotelo Blanco.

A finais do século XX, como explica Pereiro,

Sen diñeiro para investigar fóra de Galiza, abondaron os estudos de comunidades (aldeas, parroquias, vilas, comarcas rurais, barrios urbanos), os estudos temáticos de problemas sociais como a pesca, a saúde, o xénero, as migracións, as mudanzas socioculturais ou o interculturalismo (Pereiro 2018, 60).

Nas últimas décadas do século XX temos, de novo, moita investigación antropolóxica (teses doutorais, proxectos financiados polas administracións) e moita presenza da antropoloxía nas tres universidades galegas, que contan con profesionais como José Antonio Fernández de Rota, Marcial Gondar, Fidalgo Santamarina, Xaquín Rodríguez Campos, Nieves Herrero, Mar Llinares, José María Cardesín, Henrique Couceiro, Carmen Lamela, Antonio Garcia Allut, Luís Gárate Castro, Fátima Braña Rey, Elena Freire e moitas outras persoas.

Nesas décadas tamén se produce moita investigación antropolóxica sobre Galiza realizada desde fóra de Galiza. Quero mencionar nomes como António Medeiros, Sharon Roseman, Heidi Kelley, William Kavanagh, Juan Vicente Palerm, Joseba Zulaika, Humberto Martíns, Paula Godinho, Nancy Frey ou Staffan Mörling, e moitas outras persoas que fan de Galiza o seu campo de investigación antropolóxica.

1.4. FITOS NO SÉCULO XXI

No ano 2007 comeza no Estado español o primeiro ciclo universitario en Antropoloxía. Debido á ausencia dun grao específico en Galiza –exceptuando o grao da UNED–, moitas persoas fórmanse en universidades de diferentes comunidades autónomas. Outro logro importante para a disciplina é que desde 2009 a antropoloxía pasa a ser unha unidade curricular optativa no ensino secundario, cun manual específico escrito por Eva Garea Traba e editado por Xerais (2009).

A antropoloxía no século XXI ten tamén presenza noutros ámbitos, como os museos (Museo do Pobo Galego e Museo Etnolóxico de Ribadavia, entre outros), fundacións (como a Fundación Vicente Risco) e empresas (como MaOs, o AbO-rigine ou Foot in Spain¹); tamén temos presenza de especialistas en empresas asentadas en Galiza, como designthinking.gal. Outro fito importante para o desenvolvemento da nosa disciplina é a creación en 2010 do Instituto de Ciencias

1 maos.gal, antropologia.wordpress.com e www.onfootinspain.com, respectivamente.

do Patrimonio (Incipit) do CSIC, con sede en Santiago de Compostela e cunha especialidade de antropoloxía².

Un dos fitos importantes destes últimos anos é a celebración en Santiago de Compostela, en abril de 2019, do Congreso da Asociación Internacional de Etnoloxía (SIEF) organizado por Agantro, onde se xuntaron preto de 900 antropólogos e antropoloxas. Participaron na súa organización todas as universidades galegas, o CSIC, a UNED e a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD).

2. CARTOGRAFÍA DOS ÁMBITOS, INSTITUCIÓNS E ESCALAS DA(S) ANTROPOLOXÍA(S) NA ACTUALIDADE

Despois de presentar o panorama dalgúns dos fitos que marcan o longo camiño da(s) antropoloxía(s) en Galiza, voume centrar no reto de proporcionar un bosquejo da situación actual da nosa disciplina, poñendo a dialogar estabilidade con precariedade, e analizando os ámbitos nos que esta tensión se desenvolve.

Dentro do ámbito de institucións académicas (universidades e organismos públicos de investigación), se cruzamos os datos desde a perspectiva laboral, atopámonos cunha situación bastante inestable:

- No ano 2019, na Universidade de Santiago de Compostela hai tres persoas estabilizadas na área de Antropoloxía social (nos campus de Santiago e no de Lugo), pero ningunha cátedra da nosa disciplina³.
- Na Universidade da Coruña, hai tres persoas adscritas á área de Antropoloxía entre os campus de Ferrol e A Coruña.
- Na Universidade de Vigo hai unha persoa.
- No Incipit, CSIC, hai dúas persoas con prazas fixas en antropoloxía.
- Tamén temos un antropólogo galego traballando desde Galiza como profesor na UNIR, unha universidade privada en liña.

Outras institucións que tamén teñen persoal de antropoloxía estable e que ofertaron postos con este perfil son o Museo do Pobo Galego (unha persoa), e o Consello da Cultura Galega (outra persoa). En total, no territorio galego, somos doce persoas en sete institucións diferentes, tanto públicas como privadas, as que contamos con posicións estables adscritas a áreas de Antropoloxía. Dentro das

2 O CSIC ten dous institutos de investigación na área de ciencias humanas e sociais en Galiza: o IEGPS e o Incipit, centrado no estudo interdisciplinario do patrimonio como problema de investigación. O Incipit, dentro da especialidade de antropoloxía, desenvolve unha liña de estudos sobre patrimonio e conflito.

3 Sirva este artigo como recoñecemento ao labor de Xaquín Rodríguez Campos, que se xubilou en 2019 e ostentaba a única cátedra de Antropoloxía en Galiza.

áreas de Cultura ou Patrimonio da Xunta de Galicia, até o de agora, non existen prazas con perfís de antropoloxía. Aínda que existen persoas formadas en antropoloxía desenvolvendo o seu traballo dentro das administracións públicas, as súas prazas non foron convocadas con perfís asociados á antropoloxía. Temos unha situación moi diferente á doutras comunidades autónomas, como Cataluña, País Vasco, Andalucía ou Madrid.

Son tempos difíciles porque, se non comezamos a desenvolver activamente estratexias conxuntas de política institucional, en poucos anos pode que case sexa anecdótica a presenza da antropoloxía nas universidades galegas. De feito, a única universidade que imparte un grao de Antropoloxía en Galiza é a UNED, que non conta aquí con persoal estable.

Pero, fóra dos ámbitos públicos e da estabilidade laboral, que temos? Ante todo, un gran desequilibrio entre a limitada estabilidade e a tremenda actividade dentro doutros ámbitos. No empresarial, como xa comentei entre os fitos do século XXI, contamos con varias empresas de antropoloxía que veñen desenvolvendo o seu labor: Ab-Origine e MaOs, e tamén persoas con formación en antropoloxía que están a traballar para empresas que as contrataron polo seu perfil (designthinking.gal) ou que parten de especialistas en antropoloxía como On Foot in Spain.

Dentro dun ámbito que poderíamos cualificar como “individual”, moi vencellado á precariedade, temos moita xente moi ben formada, tanto en Galiza como en universidades onde se imparten graos, non só en España, senón tamén en Portugal e noutros países. Como exemplo, podemos mencionar algunhas das persoas que leron teses de doutoramento nos últimos anos: Miguel Martínez, Henrique Alonso Población, Diego Amoedo, Bibiana Martínez etc. Entre estes encontramos quen retorna a Galiza intentando crear espazos para o desenvolvemento da antropoloxía e outros que tiveron que marchar pola escasa estabilización laboral neste campo.

Vencellado a isto tamén está o ámbito da(s) antropoloxía(s) feita(s) por galegos/as emigrantes noutros lugares. Sirva como exemplo que na mesa redonda da que é froito este artigo, dedicada á “Antropoloxía no contexto galego do século XXI”, dúas das tres persoas galegas que están nela, Luzía Oca e Xerardo Pereiro, están a desenvolver a súa profesión na UTAD, no norte de Portugal.

3. PROXECTO AGANTRO E ASAE E

Outro dos ámbitos de desenvolvemento da Antropoloxía é o marco asociativo. Voulle dedicar unha sección á Asociación Galega de Antropoloxía (Agantro), a asociación que vincula os profesionais da antropoloxía en Galiza e a novación que está a ocorrer a nivel estatal coa recente refundación da Asociación de Antropoloxía do Estado Español (ASAE), pero tamén quero mencionar outros proxectos

asociativos moi activos, como SAGA, dedicada ao desenvolvemento da antropoloxía (o seu presidente, Rafael Quintía, forma parte da directiva de Agantro).

Agantro creouse no ano 1993 como asociación profesional. Actualmente está completamente adaptada á nova lexislación de asociacións e continúa sendo, como foi desde o seu comezo, a interlocutora a nivel autonómico en temas de antropoloxía. O seu obxectivo, tal e como se menciona na web de Agantro, é:

mellorar a profesionalización e desenvolver a Antropoloxía, abrindo canles de comunicación coas administracións, incidindo na inclusión da nosa disciplina naquelas actividades culturais e ofertas de emprego correspondentes á nosa formación. Mais tamén apoiar a posta en valor das múltiples ramificacións da cultura galega e xerar un foro de debate e comunicación no que teñan cabida os diferentes xeitos de entender e practicar a Antropoloxía alén da academia, tendendo pontes e fortalecendo as relacións co tecido asociativo que durante tantos anos mantivo viva a investigación e a divulgación (<http://agantro.org>).

Na actualidade Agantro traballa principalmente en tres liñas de actuación: (1) ampliación da oferta de traballos vencellados á antropoloxía; (2) organización de xornadas e congresos: ten un congreso anual que se vén desenvolvendo en diferentes lugares (Santiago 2017, Ferrol 2019, e Allariz 2020); (3) premios: hai un premio “Agantro” ao mellor audiovisual de contido antropolóxico no festival de cine etnográfico MICE do Museo do Pobo Galego.

Nos anos 2018 e 2019, a maior parte dos esforzos de Agantro concentrouse na organización do XIV congreso da Asociación Internacional de Etnoloxía (SIEF) en Santiago de Compostela en abril de 2019, cun impacto importante a nivel nacional e internacional. Ademais, conseguiuase unha axuda da Fundación Wenner-Gren, especializada en antropoloxía, de 20.000 dólares e puidéronse conceder máis de 150 bolsas de estudos e axudas de viaxe a estudantes de todo o mundo. Para a organización do congreso, Agantro firmou un convenio coa Xunta, e tamén obtivo axudas das diferentes universidades, CSIC, Deputación da Coruña e varias empresas. O impacto continuará nos vindeiros anos xa que no próximo congreso de SIEF en Helsinqui (2021) entregaranse as conferencias plenarias do congreso de Santiago⁴.

Desde o primeiro momento da súa fundación, Agantro vén representando a antropoloxía galega a nivel estatal e ten un papel moi activo no conxunto das asociacións recoñecidas dentro do que fora a Federación de Asociacións

4 A información do congreso de SIEF en Santiago e os vídeos das plenarias pódense ver na URL: <https://www.siefhome.org/congresses/sief2019> (acceso 20-12-2019).

de Antropoloxía (FAAEE) que recentemente se transformou na Asociación de Antropoloxía do Estado Español (ASAEE). Beatriz Santamarina, última presidenta da FAAEE e primeira da ASAEE, iniciou en 2014 un complexo proceso que culminou en outubro de 2017: poder ter unha voz máis forte e ter un dispositivo de interlocución coas estruturas supraautonómicas para o desenvolvemento da antropoloxía. A ASAEE recolle o testemuño da FAAEE que, a grandes liñas, foi o nexo de coordinación e comunicación múltiple entre as Asociacións de Antropoloxía existentes no Estado, desde os anos oitenta ata outubro de 2017.

As orixes da FAAEE hai que rastrexalas no II Congreso de Antropoloxía, celebrado en Madrid en 1981, cando se comezou a discutir a posibilidade de crear un mecanismo que permitise unha mellor comunicación entre as asociacións fundadas naquel momento, así como a idea de xerar novas asociacións naquelas comunidades autónomas nas que non as había⁵. En Santiago de Compostela celebrouse en 1999 o VIII Congreso FAAEE de Antropoloxía co lema *Las identidades y las tensiones culturales de la modernidad. Homenaje a la Xeración Nós*⁶.

ASAEE tamén incorpora outros dous alicerces do desenvolvemento da Antropoloxía: a Comisión Estatal del Grado en Antropología (CEGA) e a Comisión de Profesionalización de la Antropología (CPA). No seu deseño, a ASAEE achega unha novidade estrutural fronte á antiga federación de asociacións territoriais xa que vencella as asociacións territoriais e profesionais aos departamentos universitarios, a outros organismos de Antropoloxía (museos, empresas e organismos públicos de investigación) e ofrece a posibilidade de asociarse de xeito individual. Está formada por tres comisións:

- Comisión de Asociacións: que reorganiza o traballo que antes se facía desde a FAAEE
- Comisión Académica: que incorpora os diferentes departamentos universitarios
- Comisión Profesional: que incorpora tamén empresas, museos e organismos públicos de investigación

A presenza e o dinamismo de Agantro dentro de ASAEE é importante, con dous museos na comisión profesional, dúas empresas e un organismo de investigación. A Universidade da Coruña xa confirmou a súa inclusión nesta estrutura e esperamos que a Universidade de Santiago, a Universidade de Vigo e a UNIR axiña estean representadas tamén.

5 A información desta sección está baseada na web de ASAEE, <https://asaee-antropologia.org>.

6 Pódese ver a información do congreso de 1999 en <https://asaee-antropologia.org/congresos/viii-congreso-de-antropologia>.

4. A MODO DE PECHER

O mapa da estabilidade profesional da antropoloxía en Galiza reflicte unha situación de vulnerabilidade grave, representada polo reducido número de postos estables vencellados a esta área –unicamente doce en 2019– e distribuídos en moitas institucións (sete). Esta situación implica unha dispersión moi difícil de artellar. Necesitamos de xeito urxente ter unha diagnose máis detallada da antropoloxía en Galiza, seguindo a liña do traballo que fixo a Asociación Portuguesa de Antropoloxía sobre “O perfil do Antropolóxico en Portugal”⁷. Unha proposta de traballo coma esta necesitaría un claro apoio desde organismos públicos como, por exemplo, o Consello da Cultura Galega.

Neste sentido, o campo da antropoloxía necesitaría, polo menos, recuperar a presenza institucional que tiña nas décadas de 1980 e 1990, cando había unha Sección de Etnografía na Consellería de Cultura da Xunta e unha Sección de Antropoloxía no Consello da Cultura Galega, para poder garantir formas de reprodución do coñecemento antropolóxico. Temos que ter en conta que a antropoloxía, entre outras cousas, ten ferramentas para entender desde dentro as normas non escritas do comportamento social. Polo tanto, as nosas miradas críticas son esenciais para comprender a nosa sociedade e imaxinar cara a onde queremos ir. Temos moitos lumes que apagar ou ter máis controlados. Por esta razón, xuntar apoios é decisivo no fortalecemento da presenza social da nosa disciplina.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Poboación, Enrique e Sharon. R Roseman (eds.) (2012): *Antropoloxía das mulleres galegas. As outras olladas*. Vigo: Sotelo Blanco.
- Cardesín, José María (2009): “Antropoloxía e historia de Galicia”, *Minius* 17, 167-190.
- Fernández de Rota, José Antonio (1992): “La antropología gallega a debate”, *Anales de la Fundación Joaquín Costa* 9, 123-145.
- Garea Traba, Eva (2009): *Antropoloxía. Bacharelato*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- González Reboredo, Xosé Manuel (coord.) (1997a): *Arquitectura. Economía. Antropoloxía XXIII*. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- (1997b): *Tecnoloxía agraria. Oficios*. Galicia. Antropoloxía XXIV. A Coruña: Hércules de Ediciones.

7 Pódense ver os resultados na web da APA, <https://www.apantropologia.org/apa/pap-divulgacao-de-resultados>. Agradecemos á APA o seu apoio a Agantro no proceso de revitalización da antropoloxía en Galiza.

- (1997c): *Mariñeiros. Creación estética*. Galicia. Antropoloxía XXV. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- (1997d): *Artesanía. Sociedade*. Galicia. Antropoloxía XXVI. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- (1997e): *Relixión. Creenzas. Festas*. Antropoloxía XXVII. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- (1997f): *Imaxinario. Literatura popular*. Galicia. Antropoloxía XXVIII. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- (1997g): *Historia da Antropoloxía. Patrimonio etnográfico*. Galicia. Antropoloxía XXIX. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- Herrero, Nieves (2015): “La antropología en la enseñanza secundaria en Galicia”, *Quaderns-e* 20 (1), 20-36.
- Medeiros, António (2006): *Los dos lados de un río. Nacionalismos y etnografías en Portugal y en Galicia*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Pereiro, Xerardo (2001): “Reflexão sobre a antropología na Galiza de hoje”, *Etnográfica* 10, 117-127. <http://hdl.handle.net/10348/4695>
- (2018): “A Antropoloxía e a cultura galegas”, *Grial* 220, 57-63.
- Prat, Joan (1991) “Historia. Estudio introductorio”, en Joan Prat (ed.), *Antropología de los pueblos de España*. Madrid: Taurus, 13-33.
- Rodríguez Campos, Xaquín (1991) “La etnografía clásica de Galicia: ideas y proyectos”, en Joan Prat (ed.), *Antropología de los pueblos de España*. Madrid: Taurus, 99-111.
- (2007): “Un ollar á Historia”, *Revista das Letras* 670 (31/V/2007), 2.